



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia mediante o sistema de concurso-oposición pola quenda de acceso libre.

Categoría: Oficial Técnico/a electricista

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- De conformidade co artigo 16 da Constitución Española de 1978, garántese:

- a) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades, co límite da orde pública protexida pola lei.
- b) A restrición da liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.
- c) A liberdade relixiosa, pero non a ideolóxica.
- d) A liberdade de culto unicamente no ámbito privado.

2.- O artigo 24 da Constitución Española de 1978 establece que:

- a) Ninguén está obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos en contra da súa vontade.
- b) Todos teñen dereito a non declarar contra si mesmos e a non confesarse culpables.
- c) En calquera proceso xudicial a inocencia debe ser probada, non se presume.
- d) Non se admitirá en sede xudicial ningunha declaración que inculpe a un parente ata o terceiro grao.

3.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre:

- a) Defensa e Forzas Armadas.
- b) Organización das súas institucións de autogoberno.
- c) Relacións internacionais.
- d) Lexislación penal.

4.- Segundo o artigo 18 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.:

- a) É unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia.
- b) É unha sociedade mercantil pública autonómica con forma de sociedade anónima.
- c) É un organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de comunicación.
- d) É unha fundación pública autonómica dependente do Parlamento de Galicia.

5.- Segundo o artigo 9 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, os noticiarios e programas informativos elaboraranse:

- a) Con liberdade absoluta.
- b) Diferenciando información e opinión.
- c) Só con fontes oficiais.
- d) Sen incluír opinións.

6.- Segundo o artigo 4 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, que se establece sobre a comunicación audiovisual?

- a) A comunicación audiovisual será respectuosa coa dignidade humana e os valores constitucionais.
- b) A comunicación audiovisual será respectuosa co principio de neutralidade tecnolóxica.
- c) A comunicación audiovisual garantirá o financiamento suficiente do servizo público audiovisual.
- d) A comunicación audiovisual requirirá licenza previa outorgada mediante concurso.

7.- A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 15 establece os principios da acción preventiva. Sinala cal das seguintes respostas é FALSA:

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Dar as debidas instrucións aos traballadores.
- c) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- d) Evitar os riscos.

8.- O artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, regula cales se consideran relacións laborais de carácter especial. Sinala a resposta INCORRECTA:

- a) A dos deportistas profesionais.
- b) A de todo o persoal de alta dirección sen exclusión.
- c) A do persoal de servizo do fogar familiar.
- d) A das persoas artistas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas, audiovisuais e musicais.

9.- O artigo 4.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, recolle os dereitos básicos dos traballadores. Sinala cal NON se recolle expresamente:

- a) Xornada partida.
- b) Libre sindicación.
- c) Traballo e libre elección de profesión ou oficio.
- d) Folga.

10.- De acordo co artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a representación dos traballadores na empresa ou centros de traballo corresponde ós delegados de persoal cando a empresa ou centro de traballo teña:

- a) Menos de corenta e máis de cinco traballadores.
- b) Menos de corenta e máis de dez traballadores.
- c) Menos de cincuenta e máis de dez traballadores.
- d) Menos de vinte e máis de cinco traballadores.

11.- De acordo co artigo 78 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o lugar de reunión:

- a) Será o centro de traballo, se as condicións do mesmo o permiten.
- b) Será sempre un lugar distinto ao centro de traballo.
- c) Terá lugar sempre durante as horas de traballo.
- d) Nunca terá lugar fóra das horas de traballo.

12.- De acordo co artigo 80 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cando se someta á asemblea a adopción de acordos que afecten ao conxunto dos traballadores requirirase para a súa validez o voto favorable, persoal, libre, directo e secreto, incluído o voto por correo de:

- a) A metade dos traballadores da empresa ou centro de traballo.
- b) As dúas terceiras partes dos traballadores da empresa ou centro de traballo.
- c) A metade máis un dos traballadores da empresa ou centro de traballo.
- d) A terceira parte dos traballadores da empresa ou centro de traballo asistentes á votación.

13.- Segundo o artigo 22 do Convenio colectivo da CSAG a adscrición de persoal fixo a prazas vacantes do cadro de persoal nos centros de traballo permanentes poderá realizarse con carácter:

- a) Temporal ou provisional.
- b) Temporal.
- c) Provisional.
- d) Definitivo.

14.- Segundo o artigo 28 do Convenio colectivo da CSAG o criterio de excepcionalidade aplicarase sobre as categorías correspondentes aos niveis:

- a) Do 1 ao 5, ambos incluídos.
- b) Do 1 ao 7.
- c) Do 1 ao 9.
- d) Do 6 ao 9.

15.- Segundo o artigo 34 do Convenio colectivo da CSAG os horarios planificados, por regra xeral, por períodos de catro (4) semanas, con xornada continuada, repartidos entre mañá, tarde e noite, e, se é o caso, sábado e domingo, son os:

- a) Horarios fixos.
- b) Horarios flexibles.
- c) Horarios dispoñibles.
- d) Horarios de quendas.

16.- Segundo o artigo 91 do Convenio colectivo da CSAG a inobservancia das medidas de seguridade e saúde laboral que se adopten é considerada falta:

- a) Leve.
- b) Grave.
- c) Moi grave.
- d) Apercibimento.

17.- Segundo o artigo 97 do Convenio colectivo da CSAG a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo, de:

- a) Seguridade e vixilancia da saúde.
- b) Seguridade.
- c) Seguridade e ergonomía e psicosocioloxía.
- d) Vixilancia da saúde.

18.- Segundo o artigo 109 do Convenio colectivo da CSAG para os efectos de unidades electorais para eleccións sindicais, a empresa divídese nos seguintes centros de traballo:

- a) Servizos centrais en Santiago de Compostela.
- b) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- c) A Coruña, Lugo, Madrid, Ourense e Vigo.
- d) Servizos centrais en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

19.- Segundo o artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes implica:

- a) A prohibición de toda discriminación directa por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade e da asunción de obrigas familiares.
- b) A prohibición de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade e da asunción de obrigas familiares.
- c) A prohibición de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, da asunción de obrigas familiares e do estado civil.
- d) A prohibición de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo.

20.- De conformidade co disposto no artigo 60 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica, nos medios de comunicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia (actualmente CSAG), fomentará o debate electoral sobre as cuestións de xénero, a través de:

- a) Un incremento nun 10 por cento do tempo gratuíto de propaganda electoral.
- b) Unha rebaixa do 10 por cento nas tarifas de publicidade dos partidos políticos.
- c) Un incremento da presenza das candidatas nos mencionados medios de comunicación.
- d) Un incremento dun 10 por cento, como mínimo, no tempo gratuíto de propaganda electoral.

21.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de solicitar, estar a desfrutar ou desfrutar dos seus dereitos de conciliación da vida privada, familiar e laboral constitúe unha discriminación:

- a) Directa.
- b) Por razón familiar.
- c) Indirecta.
- d) Prohibida.

22.- O artigo 2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, en relación coas disposicións máis favorables establecidas noutras normas:

- a) Establece que esta lei prevalece en Galicia sobre outras normas.
- b) Non prexudica as disposicións máis favorables establecidas noutras normas.
- c) Sempre se aplican as disposicións de ámbito nacional.
- d) Dependendo do ámbito de aplicación, prevalecerán as normas sectoriais.

23.- Segundo o artigo 13 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, as medidas que se adopten a favor das mulleres para corrixir situacións de desigualdade respecto dos homes serán:

- a) Obrigatorias e urxentes.
- b) Obrigatorias e concretas.
- c) Razoables e proporcionadas.
- d) Concretas e directas.

24.- De acordo co artigo 56 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica promoverá, nos medios de comunicación nos que participe ou aos que conceda subvencións ou axudas, a transmisión dunha imaxe:

- a) Igualitaria e non estereotipada das mulleres e dos homes.
- b) Igualitaria e non estereotipada das mulleres.
- c) Igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres.
- d) Igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes.

25.- Nun circuíto eléctrico a corrente de deseño é:

- a) Corrente eléctrica nun cortocircuíto dado.
- b) Valor máximo da corrente eléctrica que un condutor, un dispositivo ou un aparello pode transportar permanentemente.
- c) Corrente que circula a través dun punto de defecto resultante dun defecto de illamento.
- d) Corrente eléctrica destinada a circular por un circuíto eléctrico en funcionamento normal.

26.- Nun circuíto eléctrico de corrente alterna a tensión fase-neutro é:


- a) Tensión entre un condutor de liña e o condutor neutro nun punto dado dun circuíto eléctrico de corrente alterna.
- b) Tensión entre dous condutores de liña nun punto dado dun circuíto eléctrico.
- c) Tensión entre partes condutoras cando as toca simultaneamente unha persoa ou un animal.
- d) Tensión entre un condutor de fase e a terra de referencia nun punto dado dun circuíto eléctrico.

27.- Segundo o artigo 2 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, este regulamento aplicarase ás instalacións que distribúan a enerxía eléctrica, ás xeradoras de electricidade para consumo propio e ás receptoras, nos seguintes límites de tensións nominais:

- a) Corrente alterna: igual ou inferior a 1.000 voltios e corrente continua: igual ou inferior a 1.500 voltios.
- b) Corrente alterna: igual ou inferior a 500 voltios e corrente continua: igual ou inferior a 1.000 voltios.
- c) Corrente alterna: igual ou inferior a 1.500 voltios e corrente continua: igual ou inferior a 1.500 voltios.
- d) Corrente alterna: igual ou inferior a 1.000 voltios e corrente continua: igual ou inferior a 1.000 voltios.

28.- Tendo en conta os sentidos das correntes que se indican na figura e aplicando as leis de Kirchhoff ao nó A, a ecuación de intensidades no nó A é:

- a) $I_1 + I_2 - I_3 = 0$.
- b) $I_1 - I_2 + I_3 = 0$.
- c) $I_1 + I_2 + I_3 = 0$.
- d) $I_1 - I_2 - I_3 = 0$.



29.- Nunha instalación eléctrica a conexión equipotencial consiste na:

- a) Conexión para obter diferenzas de potencial.
- b) Conexión equipotencial por razóns de seguridade.
- c) Realización de conexións eléctricas entre partes condutoras, para obter equipotencialidade.
- d) Realización de conexións eléctricas entre partes illadas, para obter equipotencialidade.

30.- O artigo 16 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión para as instalacións interiores ou receptoras indica que na utilización da enerxía eléctrica adoptaranse as medidas de seguridade:

- a) Tanto para a protección dos usuarios como para a das redes, que resulten proporcionadas ás características e potencia dos aparellos receptores utilizados nas mesmas.
- b) Para a protección dos usuarios que resulten proporcionadas ás características e potencia dos aparellos receptores utilizados nas mesmas.
- c) Para a protección das redes, que resulten proporcionadas ás características e potencia dos aparellos receptores utilizados nas mesmas.
- d) Que resulten proporcionadas ás características e potencia dos aparellos receptores utilizados nas mesmas.

31.- O artigo 4 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión indica que as tensións nominais usualmente utilizadas nas distribucións de corrente alterna serán:

- a) 240 V entre fases para as redes trifásicas de tres condutores, 230 V entre fase e neutro e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores.
- b) 400 V entre fases para as redes trifásicas de tres condutores, 230 V entre fase e neutro e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores.
- c) 230 V entre fases para as redes trifásicas de tres condutores, 230 V entre fase e neutro e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores.
- d) 230 V entre fases para as redes trifásicas de tres condutores, 250 V entre fase e neutro e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores.

32.- Ao conxunto constituído por un ou máis condutores illados, cables ou embarrados e as partes que aseguran a súa fixación e, no seu caso, a súa protección mecánica, denomínaselle:

- a) Tubo.
- b) Canalización.
- c) Sistema de condutos.
- d) Bandexa para cables.

33.- O método de medida no que o valor dun mesurando se obtén directamente, sen que sexa necesario efectuar cálculos suplementarios baseados nunha dependencia funcional do mesurando respecto a outras magnitudes realmente medidas denomínase:

- a) Método de medida indirecta.
- b) Método de medida por comparación.
- c) Método de medida diferencial.
- d) Método de medida directa.

34.- Á medida materializada, instrumento de medida, material de referencia ou sistema de medida destinado a definir, representar fisicamente, conservar ou reproducir unha unidade dunha magnitude, ou un múltiplo ou submúltiplo desta unidade, ou un valor coñecido dunha magnitude, cunha incerteza dada, denomínaselle:

- a) Patrón primario.
- b) Patrón.
- c) Patrón secundario.
- d) Patrón de referencia.

35.- Ao conxunto de instrumentos destinados a indicar ou rexistrar o valor do mesurando a unha certa distancia desde o punto de medida, utilizando técnicas de telecomunicacións denomínaselle:

- a) Equipamento de telemedida.
- b) Instrumento de medida fixo.
- c) Instrumento de medida portátil.
- d) Instrumento de medida de rango único.

36.- O multímetro é un:

- a) Instrumento de medida que proporciona sinais eléctricos de control para valores predeterminados do mesurando.
- b) Instrumento de medida de múltiples funcións e múltiples rangos destinado á medida de tensións, correntes e ás veces outras magnitudes eléctricas, como a resistencia.
- c) Instrumento de medida destinado a determinar a suma dos valores de magnitudes do mesmo tipo medidas simultaneamente en circuitos diferentes.
- d) Instrumento de medida destinado á medida dun único tipo de magnitude.

37.- A ITC-RAT 01 considera alta tensión:

- a) Toda tensión nominal superior a 1 kV.
- b) Toda tensión nominal superior a 30 kV.
- c) Toda tensión nominal superior a 66 kV.
- d) Toda tensión nominal superior a 220 kV.

38.- A instalación que comprende un ou varios transformadores, aparelaxe de alta tensión e de baixa tensión, conexións e elementos auxiliares, para subministrar enerxía en BT a partir dunha rede de AT ou viceversa, denomínase:

- a) Central eléctrica.
- b) Centro de transformación.
- c) Subestación eléctrica.
- d) Centro de seccionamento eléctrico.

39.- O artigo 12, proxecto de instalacións, do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión (RAT), indica:

- a) Será obrigatoria a redacción dunha memoria.
- b) Será obrigatoria a presentación de proxecto para a realización de toda clase de instalacións de alta tensión, a que se refire este regulamento.
- c) Será obrigatoria a presentación dunha memoria.
- d) Será obrigatoria a presentación de proxecto subscrito por técnico titulado competente para a realización de toda clase de instalacións de alta tensión a que se refire este regulamento.

40.- Todos os circuítos de baixa tensión non conectados a terra, que estean en contacto con máquinas ou aparellos de alta tensión, ou que estean moi próximos a outros circuítos de alta tensión, deben ser considerados, para efectos da súa disposición e servizo:

- a) Como se fosen eles mesmos elementos de baixa tensión.
- b) Como se fosen eles mesmos elementos de alta tensión.
- c) Poden ser de alta tensión ou de baixa tensión.
- d) Estes circuítos non existen.

41.- A ITC-RAT 06 indica que os seccionadores e seccionadores de posta a terra deberán:

- a) Ter as características axeitadas á índole da súa función, á instalación e á tensión e corrente de servizo.
- b) Ter as mesmas características que os interruptores automáticos.
- c) Ter servomecanismos de mando que permitan a produción de manobras intempestivas.
- d) Evitarse conxuntamente nunha mesma instalación.

42.- Segundo indica a ITC-RAT 07, tanto os transformadores como os autotransformadores de potencia conectados a unha rede trifásica serán:

- a) Máquinas eléctricas dinámicas.
- b) Máquinas xeradoras.
- c) Do tipo de máquina trifásica, se ben se admitirán os bancos constituídos por tres unidades monofásicas.
- d) Máquinas produtoras de enerxía.

43.- O artigo 16 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión (REBT) indica que en toda instalación interior ou receptora que se proxecte e realice se acadará o máximo equilibrio nas cargas que soportan os distintos condutores que forman parte da mesma, e esta subdividirase de forma que as perturbacións orixinadas polas avarías que puidesen producirse nalgún punto dela afecten a unha mínima parte da instalación, permitindo:

- a) A localización das avarías e facilitar o control do illamento da parte da instalación afectada.
- b) Realizar unha instalación economicamente viable.
- c) Realizar auditorías de maneira rápida e áxil.
- d) A localización dos equipos aos que dá servizo dita instalación.

44.- Nas instalacións de enlace, a liña xeral de alimentación segundo a ITC-BT-14 terá en conta para a sección do condutor neutro:

- a) O máximo desequilibrio que pode preverse, as correntes harmónicas e o seu comportamento, en función das proteccións establecidas ante as sobrecargas e cortocircuitos que puidesen presentarse.
- b) A potencia do transformador de alta tensión.
- c) As tensións de servizo dos cables.
- d) As intensidades de servizo dos cables.

45.- Nas instalacións interiores ou receptoras, segundo a ITC-BT-19, a sección dos condutores a utilizar para calquera circuíto interior de vivendas determinarase de forma que a caída de tensión entre a orixe da instalación interior e calquera punto de utilización sexa, salvo o prescrito nas instrucións particulares:

- a) Maior do 3% da tensión nominal.
- b) Menor do 1% da tensión nominal.
- c) Menor do 3% da tensión nominal.
- d) Menor do 2% da tensión nominal.

46.- Segundo a ITC-BT-43, non se poderán instalar sen consentimento expreso da empresa que subministra a enerxía, aparellos receptores que:

- a) Non estean homologados por Industria.
- b) Produzan desequilibrios importantes nas distribucións polifásicas.
- c) Non teñan marcado CE.
- d) Non estean producidos na Unión Europea.

47.- Para a execución e posta en servizo das instalacións, entre outras cuestións o artigo 19 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión indica que:

- a) Como anexo ao certificado de instalación que se entregue ao titular de calquera instalación eléctrica, a empresa instaladora deberá confeccionar unhas instrucións para o correcto uso e mantemento da mesma.
- b) Deberá entregar un proxecto de fin de obra.
- c) Deberá entregar un proxecto de fin de obra asinado por técnico competente.
- d) Deberá entregar unha memoria valorada co custo final da instalación.

48.- A ITC-BT-01 considera os interruptores diferenciais como de alta sensibilidade cando o valor desta é igual ou inferior a:

- a) 1 A.
- b) 30 mA.
- c) 500 mA.
- d) 300 mA.

49.- A ITC-BT-34 indica que nas instalacións con fins especiais, a tensión nominal das instalacións eléctricas temporais:

- a) Será superior a 230/400 V.
- b) Non será superior a 230/400 V en corrente continua.
- c) Será subministrada en alta tensión.
- d) Non será superior a 230/400 V en corrente alterna.

50.- A ITC-BT-34, como medidas de protección en función das influencias externas, recomenda que o corte automático de cables destinados a alimentar instalacións temporais se realice mediante dispositivo diferencial cuxa corrente diferencial residual asignada non supere:

- a) 30 mA.
- b) 300 mA.
- c) 500 mA.
- d) 1 A.

51.- Segundo o RD 614/2001 sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico, o espazo delimitado arredor da zona de perigo, desde o que o traballador pode invadir accidentalmente esta última coñécese como:

- a) Zona segura.
- b) Zona de perigo.
- c) Zona de proximidade.
- d) Traballo en proximidade.

52.- Segundo a ITC-BT-28, nas instalacións de pública concorrencia a parte do alumeado de emerxencia que permite a continuidade das actividades normais denomínase:

- a) Alumeado de reemprazamento.
- b) Alumeado de seguridade.
- c) Alumeado de evacuación.
- d) Alumeado de ambiente ou antipánico.

53.- Segundo a ITC-BT-28, nas instalacións de pública concorrencia as liñas que alimentan directamente os circuitos individuais das iluminacións de emerxencia alimentadas por fonte central estarán protexidas por interruptores automáticos cunha intensidade nominal de:

- a) 10 A como máximo.
- b) 16 A como máximo.
- c) 32 A como máximo.
- d) 30 mA como máximo.

54.- Segundo a ITC-BT-28, nas instalacións de pública concorrencia a parte do alumeado de seguridade prevista para evitar todo risco de pánico e proporcionar un alumeado ambiente axeitado que permita aos ocupantes identificar e acceder ás rutas de evacuación e identificar obstáculos coñécese como:

- a) Alumeado de evacuación.
- b) Alumeado de seguridade.
- c) Alumeado de protección.
- d) Alumeado ambiente ou antipánico.

55.- O artigo 20 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, relativo ao mantemento das instalacións, entre outras cuestións indica que:

- a) Os titulares das instalacións deberán manter en bo estado de funcionamento as súas instalacións, utilizándoas de acordo coas súas características e absténdose de intervir nas mesmas para modificalas.
- b) Os titulares das instalacións deberán manter en bo estado de funcionamento as súas instalacións.
- c) Os titulares das instalacións non están obrigados a manter en bo estado de funcionamento as súas instalacións.
- d) É obrigatorio manter en bo estado de funcionamento as súas instalacións.

56.- A estrutura dun plató onde se colgan os aparellos de iluminación denomínase:

- a) Emparrillado de iluminación.
- b) Parrilla de iluminación.
- c) Estrutura para iluminación.
- d) Truss de iluminación.

57.- Un SAI (ou UPS en inglés) é un dispositivo encargado de protexer ante os cortes da subministración eléctrica ou as perturbacións provenientes da rede eléctrica, asegurando que:

- a) O sistema protexido continuará funcionando sen interrupción e cunha alimentación eléctrica da mellor calidade.
- b) O sistema protexido continuará funcionando sen interrupción e cunha alimentación eléctrica de peor calidade.
- c) O sistema protexido continuará funcionando con micro cortes e cunha alimentación eléctrica de mellor calidade.
- d) O sistema protexido non continuará funcionando sen interrupción e cunha alimentación eléctrica de mellor calidade.

58.- Un grupo electrógeno serve, fundamentalmente, para:


- a) Xerar enerxía mecánica cando non hai rede eléctrica ou cando se necesita respaldo ante fallos de subministración.
- b) Xerar enerxía mecánica cando non hai subministración en medios de transporte de combustión.
- c) Xerar vapor de auga cando non hai rede eléctrica ou cando se necesita respaldo ante fallos de subministración.
- d) Xerar electricidade cando non hai rede eléctrica ou cando se necesita respaldo ante fallos de subministración.

59.- A ITC-BT-40, instalacións xeradoras de baixa tensión, aplícase ás instalacións xeradoras, entendendo como tales:

- a) As destinadas a transformar enerxía mecánica en enerxía eléctrica.
- b) As destinadas a transformar enerxía química en enerxía eléctrica.
- c) As destinadas a transformar calquera tipo de enerxía non eléctrica en enerxía eléctrica.
- d) As destinadas a transformar enerxía nuclear en enerxía eléctrica.

60.- Na figura adxunta móstrase a conexión do vehículo eléctrico á estación de recarga. A parte da instalación indicada co número 4 é:

- a) Unha clavija.
- b) Un conector.
- c) Un punto de conexión.
- d) Un punto de recarga simple.



PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)

R1.- Nas instalacións de obras a ITC-BT-33 indica que as instalacións fixas están limitadas ao conxunto que comprende:

- a) Os dispositivos de protección secundarios.
- b) As instalacións de alumeado normal.
- c) As instalacións de alumeado de seguridade.
- d) O cadro xeral de mando e os dispositivos de protección principais.

R2.- Seguindo as indicacións da ITC-RAT 09, os pararraios utilizaranse para:

- a) A protección contra sobretensións perigosas de orixe atmosférica, de carácter transitorio.
- b) A protección contra pequenas intensidades externas.
- c) A protección das edificacións e as persoas.
- d) A protección das persoas.

R3.- Segundo o artigo 38 do Convenio colectivo da CSAG, entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte, cantas horas ininterrompidas de descanso deberán transcorrer?

- a) 24 horas.
- b) 12 horas.
- c) 18 horas.
- d) 8 horas.

R4.- Segundo o artigo 36 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, a competencia para solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas no Estatuto de Autonomía, correspóndelle:

- a) Ao Goberno de Galicia.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Ao Parlamento de Galicia, a proposta do presidente da Xunta de Galicia.
- d) Ao presidente da Xunta de Galicia.